

AS AMANTES DE HAMLET

Escolma de poemas inspirados nas lendas
de Mougás

Oia (Pontevedra)

Marta Dacosta

ou Ofelia, ou Medusa. Sen elección. Condenadas á inocencia, ao silencio. A todos os silencios.

Pero se coñecemos á dama da poza, se buscamos a razón do abismo e aprendemos a rotación da lúa, nunca máis levaremos a grinalda de Ofelia e as flores non volverán ser brancas. Branca só a palidez da pel, o reflexo da lúa.

Vencedoras de Perseo, nunha illa sen mapas, recolleremos os corpos, virán á nosa praia, todas, todas as que levaron a estrela na fronte e escoitaron as buguinas do mar, as que buscaron o seu cuarto e deixaron un sombreiro sobre as augas

AS AMANTES DE HAMLET

describir unha illa, o lugar en que se ergue o muro e a que distancia se atopa a fonte. Como é a árbore, laranxeira de froitos perennes, agres na calor, doces no frío. Explicar a visión nocturna das lavandeiras, como se inclinan os seus corpos brancos sobre o río e mesmo sobre o mar, como levan os cabelos cubertos e como torcen as roupas, roupas que sempre son brancas. Pero sobre todo transmitir o paso das mulleres espidas, como chegan á praia atravesando o mar e as pozas, como vencen os pegos e desposuídas de todo atesouran a palabra. A súa e a das que as precederon. Atrás deixaron todo, algunhas mesmo a vida, dando sentido á morte de Ofelia, que naceu novamente do outro lado da noite, para sempre espida, nunca máis inocente. E todas unidas por un río de sangue, polo argazo vermello transportado sen pausa, luar a luar, avoa a nai a filla. Verdade e pecado, culpa tamén, no argazo

Tamén eu de ollos verdes prendidos
ignorando a vertixe da fervenza
e a certidume dos pozos

(inmensos pegos)

andei o camiño de leite que Lúa deu
e convertinme para sempre en afogada,
tamén eu,
que coñecía as lendas e os perigos

tamén eu andei na Poza Maior
e aínda que os meus cabelos non eran negros
quixen o corpo esvelto
que Lúa levou sen présa
ao fondo da poza
ao silencio definitivo da auga

a illa estaba

do outro lado da noite

unha mañá
vímola traendo un corpo azul que a penas se cubría
os cabelos revoltos, transformados co argazo
e ollos intensamente verdes

os peitos
os peitos eran fontes tristes

espiuse
ao contacto coa area espiuse
e camiñou cegada por unha luz non perceptible
ata que atravesou o muro
e bebeu da fonte

á noite
outras mulleres espidas
peiteaban os seu cabelos

Trouxo atrás dela as eguas da Groba

amamos os seus lombos nus

carne sobre carne

vento

vento que nos peitea mentres lembramos as fuxidas

Ergueu o corpo á lúa

(erguinme)

e deixou que a area arrefriase os seus pés
os pés descalzos de tantos camiños ermos

na auga

o sal lavou a pel ferida do sol
a pel enxoita de bágoas en que o sangue
buscaba a saída un día e outro

(entón refuxieime na dor do meu estómago
abraceime ao centro do corpo
e deixei caer
sentindo o nó que me ataba

quería que a auga me levase
que inundase o meu corpo e me anegase
desaparecer
desaparecer na auga para librarme da dor
eternamente